

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de abril de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a Ana María Villarino Pardo DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. Vicente Gómez García D. José Ignacio Gómez Pérez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de abril de 2018 , ás 17:30 horas, baixo a presidencia de dona Ana María Villarino Pardo e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 15 DE MARZO 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de marzo de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O PLAN REITOR DO PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA-SERRA DO XURÉS.-

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción. Engade, a título persoal, a opinión de que a Xunta de Galicia ten o costume de elaborar as leis sen conseguir a opinión ou consultar cos posibles afectados e isto non é máis que unha mostra, xa que a xestión e a propiedade destes montes correspóndelles ás comunidades de montes, e a Xunta de Galicia non os tivo en conta no plan reitor do Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourenzana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar da Xunta de Galicia que a elaboración do Plan Reitor de Uso e Xestión se faga dun xeito consensuado cos propietarios do territorio, cos concellos afectados e cos diferentes colectivos implicados na xestión responsable e sustentable do medio ambiente que se preserva neste parque.

2º.- Solicitar que na redacción do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) se contemplen como mínimo, todas as zonificacións existentes respectando os usos e costumes da poboación que pertence e vive no parque, facilitando os seus labores tradicionais dentro dos límites legais que permite o parque.

3º.- Esixir que no Plan se introduzan os mecanismos económico-financeiros necesarios para atallar as deficiencias anteriormente numeradas.

4º.- Darlles traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e á Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia.

3º.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO DAS DEMANDAS D@S COMUNEIR@S DO PARQUE DO XURÉS.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción. Indica que comparte a maior parte dos argumentos expresados na moción anterior e que a actitude da Xunta de Galicia en relación cos comuneiros deixa moito que desexar, xa que nin sequera contestou ao escrito de demandas que o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común remitiu en relación do documento de inicio do plan reitor do Parque Natural da Baixa Limia. Seguidamente pasa a ler as seis

alegacións formuladas pola dita asociación, ao que manifesta a total adhesión do seu grupo.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, manifesta que eles tamén se adhíren ás demandas da dita asociación.

Non se producen máis intervencións, e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Deputación asume como propias as achegas presentadas polas comunidades de montes da zona ao documento inicial do PRUX do parque natural (acompañase escrito).

2º.- O Pleno da Deputación insta á directora xeral de Patrimonio Natural a deixar sen efecto esta resolución, e a reunirse cos lexítimos propietarios do monte, para escoitar as súas demandas, para os efectos de aprobar un plan de usos e xestión consensuado, que teñan en conta, non só os intereses da Xunta, senón tamén os lexítimos intereses dos comuneiros e comuneiras.

4º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA SITUACIÓN DA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NA PROVINCIA.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- A Deputación de Ourense, con cargo ao remanente de tesourería, implementará unha liña de axudas específica destinada a mellorar a depuración das augas residuais, á que poderán acollerse todos os concellos que así o desexen.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, manifesta, posto que esta comisión é a competente en asuntos relacionados co termalismo, a preocupación que lle trasladaron desde diversos axentes do sector por unha norma que cre que se encontra en

tramitación no Parlamento de Galicia en relación cos requisitos sanitarios das augas mineromedicinais ou termais, e que podería supoñer que determinadas instalacións se vexan prexudicadas en relación cos grandes complexos hoteleiros ou turísticos vinculados ao termalismo. Engade que posto que desde a Deputación sempre se defende a Ourense como a provincia termal e se manifesta o total compromiso por defender ao sector, aspecto que el comparte, propón que desde os servizos xurídicos da Deputación se estude o proxecto de elaboración da dita norma, por se fose conveniente realizar algún tipo de alegacións agora mesmo.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.